

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa das súas deputadas e deputados **Luís Villares Naveira, Manuel Lago Peñas, Eva Solla Fernández, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda, Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo, Paula Vázquez Verao, Francisco Casal Vidal, Magdalena Barahona Martín, Juan José Merlo Lorenzo e Luca Chao Pérez,** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei en Pleno.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (PXNLG) establece no eido da Xustiza, igual que a Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias (CELRM), a obriga das autoridades competentes de establecer os medios materiais para garantir a igualdade e a oficialidade lingüística do galego na administración de Xustiza, dotando ao seu funcionariado dunha aplicación informática que permita tramitar con normalidade en lingua galega. Arestora, a competencia e titularidade sobre a aplicación corresponde á Consellería de Presidencia.

En efecto, o Ministerio de Xustiza cedeu gratuitamente o programa MINERVA á Xunta con todos os dereitos de propiedade intelectual, de forma que a administración autonómica quedaba autorizada para modificar nel todo, non só introducindo documentos, senón modificando o conxunto da aplicación, entre outras cousas para adaptarse a unha versión bilingüe. Cando se asinou esta cesión o Ministerio xa advertiu á Xunta que dende ese momento eles serían os responsables da tradución, e que o Estado non podería facer esa xestión; item

máis, consultada expresamente Intervención sobre este extremo, non autorizarían ese gasto, ao que tamén se oporía a Avogacía do Estado, dada a previa cesión gratuíta de dereitos sobre o programa. En consecuencia, a Xunta é dende ese momento a titular da aplicación en Galicia e a única facultada para modificalo ou traducilo .

Así o indicou de xeito oficial José Luis Hernández Carrión, Subdirector General de nuevas tecnologías de la Justicia do Ministerio de Xustiza, con ocasión dunha mesa de traballo titulada "*Papel cero: la situación real del proceso de digitalización de los órganos judiciales*" (Madrid, 4 de febreiro de 2016 na Sede do ICA de Madrid, no Comité Permanente de *Xuíces para a democracia*).

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impartir as instrucións oportunas para **prover de xeito inmediato unha aplicación informática que garanta o uso normal do galego na Administración de Xustiza en Galicia.**

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2017.